

Os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística celebran os 20 anos de existencia sementando ilusión e esperanza

O sábado 4 de xuño celebrouse no Auditorio do Museo do Pobo Galego un acto para conmemorar o XX aniversario dos ENDL, ao que asistiron un cento de representantes dos Equipos de Normalización de centros de toda Galicia. No decurso do acto interviron figuras representativas deste colectivo ao longo destes anos: César Martínez Yáñez, Paco Veiga, Xabier Camba, Rubén Rivas, Olga Iglesias e Valentina Formoso.

Todos eles fixeron un percorrido histórico polos fitos máis importantes destas dúas décadas, desde as primeiras tentativas normalizadoras dos anos setenta até o día de hoxe, e mostraron que o camiño andado é un pilar fundamental para afrontar o futuro. Tamén quixeron mostrar a súa ilusión por formar parte deste colectivo e mostráronse orgullosos por celebrar os primeiros vinte anos dos ENDL fronte ao desleixo e incompetencia dos actuais dirixentes da política lingüística.

Valentina Formoso, Coordinadora Xeral da CGENDL, manifestou ante os presentes que o traballo do colectivo que ela dirixe non existiría se non fose pola sementeira de todos estes anos e, así mesmo, apuntou cara ao futuro ao dicir que “desde a humildade do noso traballo diario, todos nós, todos cantos conformamos a CGENDL non cesaremos de cumprir co noso deber profesional, digo máis, co noso deber moral de cidadáns conscientes deste recanto do mundo, fronte á desidia e inoperancia dos gobernantes, fronte aos ataques dos poderosos, fronte á sutil capa destrutiva dos prexuízos históricos impostos e reforzados, fronte á indiferenza. Fronte a todo iso aí estaremos nós”. Para finalizar engadiu que “non quedaremos só na ladaíña, na queixa, na culpabilización colectiva, senón que queremos construír futuro para a nosa lingua e transformar a indignación colectiva en creatividade, en ilusión e en esperanza”.

Na segunda parte do acto os Equipos renderon un recoñecemento público ao labor normalizador do escritor e mestre Agustín Fernández Paz. Para comezar, o escritor Xabier P. Docampo fixo unha louvanza da amizade, da paixón creadora e do espírito integrador e pioneiro do homenaxeado tamén no campo da normalización lingüística. “Agustín entregou a súa vida toda ao latexar da nosa lingua”, concluíu Xabier P. Docampo.

Pola súa parte, Agustín Fernández Paz reclamou que “este recoñecemento que me facedes é para unha xeración de ensinantes que tiñan entre 15 e 30 anos cando morreu Franco”. Cun discurso emotivo e sereno ao tempo, lembrou algunhas experiencias vividas ao longo destes anos, que lle permitiron dicir que “os que defendemos a normalización da lingua galega somos da estirpe dos indignados” e engadiu que, sobre todo polos últimos acontecementos, “dende hai meses temos un novo motivo de indignación: o intento da Xunta de baleirar de contido a normativa sobre a lingua” e engadiu ao redor dos trocos na lexislación que “eles saben que con este decreto os rapaces non van ter competencia en galego”. Fronte a estas tentativas, Agustín Fernández Paz montivo en todo momento un ton esperanzado e proclamou para rematar que “como os indignados somos conscientes de que o noso camiño é longo. Pero todo o traballo é sementeira”.

Finalmente, para pechar o acto, Valentina Formoso manifestou que “os normalizadores sempre vimos en Agustín Fernández Paz a ética e a dignidade na que cremos e na que queremos recoñecernos” e entregoulle un agasallo en agradecemento polo seu exemplo.